



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 EMCR	Documento 10819I0DC6	
Código de verificación  672L 5H25 200R 1Y69 0L6M	Expediente 108/2025/1768	
	Data 24-11-2025	

Asunto: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS A EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025.

INFORME PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro.- En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual da RPT do Concello da Coruña nos termos que figuran anexados a este acordo coa fin de fixar os requisitos específicos de determinados postos de traballo para a súa convocatoria no concurso ordinario 1/2025 (PROV2025067).

Segundo.- Someter a devandita modificación da RPT a información pública, coa publicación dun anuncio desta modificación no BOP da Coruña, durante un prazo de 20 días hábiles nos que as persoas interesadas poderán presentar reclamacións, suxestións ou alegacións. Este prazo iniciárase ao día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Transcorrido o prazo de información pública, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a RPT deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Terceiro.- Publicar, transcorrido o prazo de información pública, o contido íntegro da modificación puntual da RPT, unha vez aprobada.”

Segundo.- A publicación da aprobación inicial realizouse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 203, do 23 de outubro de 2025. O prazo de información pública para o exame e para a presentación de reclamacións, suxestións ou alegacións polas persoas interesadas foi de 20 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación; polo tanto, desde o 24.10.2025 ata o 20.11.2025, ambos incluídos.

A estes efectos, a devandita documentación púxose a disposición das persoas interesadas no:

1. Xestor de contidos SPO – ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: Relación de Postos de Traballo e Cadro de persoal (coruna.gal)



Concello da Coruña

3. Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, relaciónanse as alegacións presentadas, por data de presentación

1. En data 27/10/2025, dona María Dolores Ferreiro López-Rioboo (xefa do Servizo de Mobilidade Urbana). Expte 851/2025/128 (doc 85119S021T)
2. En data 05/11/2025, Dona María Dolores Pardo Pallas. Número de rexistro 84289 e código de asento RMPE 191T1D.
3. En data 06/11/2025, Don Francisco Javier Cabado Vázquez. Número de rexistro 84976 e código de asento RMPE191TKG.
4. En data 18/11/2025, Dona Paula Iglesias Remuiñán. Número de rexistro 87951 e código de asento RMPE191VV3.
5. En data 18/11/2025, Don Daniel Veiras Veiras. Número de rexistro 88204 e código de asento RMPE191W24.
6. En data 19/11/2025, Dona Ana Isabel Filgueiras Espasandín, na súa condición de secretaria da Sección Sindical da Confederación Innersindical Galega (CIG) no Concello da Coruña. Número de rexistro 88410 e código de asento RMPE191W7U.
7. En data 19/11/2025, Don Fernando Santiago Martínez López (Director da Área de Infraestruturas). Número de rexistro 88596 e código de asento RMPE191WD0.
8. En data 19/11/2025, Don Juan Ramón Saavedra Hermida. Número de rexistro 88605 e código de asento RMPE191WD9.

Cuarto.- EXAME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

4.1.- ALEGACIÓN DE MARÍA DOLORES FERREIRO LÓPEZ-RIOBOO (XEFA DO SERVIZO DE MOBILIDADE URBANA)

O Servizo de Mobilidade Urbana alega:

1º. En relación coa modificación da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente o 22.10.2025 se solicita a incorporación dos seguintes axustes nos requisitos esixidos para os postos que se relacionan a continuación destinados ó servizo de Mobilidade urbana:

- **Delineante de Mobilidade Urbana (1791-1792).**

Actualmente se propón na modificación puntual da RPT as seguintes titulacións: B04; B09/1; B10/1 (B); 301/1 (C1).

Proponse que se inclúan as seguintes titulacións: B04/1, B04/2.

A relación total de titulacións será: B04; B04/1; B04/2; B09/1; B10/1 (B); 301/1 (C1).



Concello da Coruña

2º. Ademais, solicítase en relación coa actual RPT a modificación dos seguintes requisitos nos postos a continuación descritos:

- **Técnico Medio de Mobilidade Urbana (1789-1790).**

A relación actual das titulacións na RPT é a seguinte: 4301-02;4306.

Solicítase que se modifique esta titulación para engadir as seguintes: 4302/1, 4302/2, 4302/3, 4310; Enx. edificación, Enx.civil.

A relación total de titulacións será: 4301; 4302; 4302/1; 4302/2; 4302/3; 4306;4310; enx. edificación; enx. civil.

- **Axudante de Ocupación de Vía Pública (1794)**

- a) Solicítase eliminar das observación a mención: "Segunda actividade".
- b) Proponse establecer como único requisito o carné tipo "B".

En resposta a estas alegacións, cómpre realizar as seguintes consideracións:

Os postos delineante de mobilidade urbana, referencia 1792; técnico medio de mobilidade urbana, referencia 1789 e referencia 1790; axudante de ocupación de vía pública, referencia 1794 non figuran na relación de postos do anexo relativo á modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña que se someteu a información pública tras a súa aprobación inicial polo Xunta de Goberno Local o día 22 de outubro de 2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025). Unicamente figura na dita relación o posto delineante de mobilidade urbana, referencia 1791.

Cómpre referirse ao alcance ou obxectivo desta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña, que está especificado no punto cuarto do informe-proposta que serve de motivación ao Acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local: "[...] *Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo [...]*".

Polo tanto, esta modificación puntual circunscríbese á relación de postos que figura no anexo da modificación puntual da RPT. Xa que logo, respecto desta alegación do Servizo de Mobilidade Urbana, por coherencia co expediente sometido a información pública, resulta que o posto 1791 (delineante do Servizo de Mobilidade Urbana) é o único que se pode analizar neste trámite de información pública, aos efectos da aprobación definitiva da modificación puntual negociada e aprobada inicialmente.

En consecuencia, desestímanse as alegacións relativas aos postos delineante de mobilidade urbana, referencia 1792; técnico medio de mobilidade urbana, referencia 1789 e referencia



Concello da Coruña

1790; axudante de ocupación de vía pública, referencia 1794, por non estar incluídos no anexo da modificación puntual da RPT.

Respecto da alegación relativa ao dito posto de delineante de mobilidade urbana, referencia 1791, que sí está incluído no anexo de modificación puntual da RPT:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1791 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B09/1, B10/1	Dib. Ass. y Trat.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1791 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Nos requisitos específicos, engádesa a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde á rama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).

O Servizo de Mobilidade Urbana solicita, para o caso de acceder ao posto desde o grupo B, que se inclúan as titulacións B04/1 e B04/2, que están previstas nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022). As titulacións codificadas como B04/1 e B04/2, conforme ás normas de xestión vixentes, correspóndense coas que se indican de seguido:

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
Proxectos de edificación	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	Técnico especialista en edificios e obras (Delineación)	B04/1
		Técnico especialista en edificios e urbanismo (Delineación)	
		Deseño de interiores (Delineación)	
Proxectos de obra civil	Desenvolvemento de proxectos urban. e oper. topográficas	Técnico especialista en topografía (Construción e obras)	B04/2
		Técnico Especialista en vía e obras (Construción)	



Concello da Coruña

		e obras)	
		Técnico especialista en sobreestantes (Construcción e obras)	

Revisada a aprobación inicial da modificación puntual da RPT do Concello da Coruña, procede estimar esta alegación e, en consecuencia, incluír as titulacións B04/1 e B04/2 para o caso de acceso ao posto 1791 desde o grupo B, por estar directamente relacionadas coa delineación, por ser equivalentes ás actualmente admitidas para o acceso desde o grupo B e, así mesmo, plenamente idóneas para o desempeño das funcións propias do posto.

4.2.- ALEGACIÓN DE MARÍA DOLORES PARDO PALLAS

A interesada só achega o xustificante de presentación no Rexistro Telemático do Concello da Coruña. Non xunta escrito de alegacións.

En consecuencia, inadmítese o escrito por non aportar alegación.

4.3.- ALEGACIÓN DE FRANCISCO JAVIER CABADO VÁZQUEZ

En relación co posto 1851, que está aberto ao subgrupo C1 e ao subgrupo C2, plantexa se é correcto esixir o requisito de titulación 301 e o carné B unicamente para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1.

Respecto desta alegación, realízanse as seguintes consideracións:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1851** NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspect. Adx. Infraest.	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	Carné B	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1851** CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspect. Adx. Infraest.	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	301 (C1); Carné B	

Nos requisitos específicos, engádese a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde árama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).

O punto cuarto do informe-proposta que serve de motivación ao Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22.10.2025, relativo á dita modificación puntual da RPT do Concello da Coruña



establece que: “[...] *Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo [...]*”.

De conformidade con isto, para o posto 1851, que pertence á escala de administración especial e que está aberto aos subgrupos C1 e C2 do grupo C, constatase que, exclusivamente para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1, deberá acreditarse estar en posesión dunha titulación da rama de estudos en edificación e obra civil, que se identifica co código 301 no Anexo I da RPT (BOP núm. 133 do 19.08.2020).

A modificación afecta, exclusivamente, a quen acceda ao posto desde o subgrupo C1, en base ao artigo 76 do TREBEP, que establece os grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira de acordo coa titulación esixida para o acceso, dispoñendo que para o acceso ao subgrupo C1 requirírase título de bachiller ou técnico e que para o acceso ao subgrupo C2 requirírase título de graduado en educación secundaria obligatoria (ESO).

En consecuencia, como para o acceso ao subgrupo C2 a lei esixe unicamente o título de graduado en ESO, a modificación da RPT non pode establecer requisitos específicos de titulación para postos do subgrupo C2.

Polo exposto, en resposta á alegación que se admite a trámite, procede aclarar que, para as persoas funcionarias que pretenden acceder desde o subgrupo C2, non se esixen as titulacións que se correspondan coa codificación 301, que solo se esixe para as persoas funcionarias que accedan desde o subgrupo C1.

4.4.- ALEGACIÓN DE PAULA IGLESIAS REMUIÑÁN

A interesada presenta un escrito de interposición de recurso contra a modificación puntual da RPT aprobada inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 21.10.2025 e publicada no BOP núm. 203, do 23.10.2025.

En síntese, solicita, por unha banda, que se anule o dito acordo de modificación puntual da RPT e que se eliminen os requisitos específicos incorporados na modificación, alegando que supoñen limitacións arbitrarias nos requisitos de acceso e provisión de determinados postos de traballo e que establecen restricións inxustificadas por ramas de titulación ou ben que exclúen titulacións equivalentes, sin que conste unha motivación técnica, normativa ou funcional. Expón que se contraveñen os principios de igualdade, mérito e capacidade consagrados no artigo 23.2 CE e no artigo 78 e ss TREBEP. En concreto, considera inxustificada a exclusión da titulación de delineante industrial en postos adscritos ao Servizo de Infraestruturas e considera incoherente a inclusión da rama de estudos B04 nos postos de delineante e xefe/a de delineación.



Concello da Coruña

Por outra banda, solicita que se abran á participación do grupo B os postos de administración especial para os que se requira titulación do grupo A2 ou C1, cando non se esixa unha titulación específica ou, de esixila, que sexa compatible ou equivalente coas do grupo B, de modo que non se limite inxustificadamente o dereito á carreira administrativa. En xeral, que se leve a cabo unha revisión global da situación do persoal do grupo B, co fin de establecer itinerarios reais de carreira profesional que permitan a súa participación nos concursos ordinarios e nos procesos de promoción interna, de conformidade co artigo 16 TREBEP e artigo 88 da LEPG.

Por último, solicita que se suspenda a aplicación dos novos requisitos específicos, mentres non se resolva este recurso e se revise a modificación da RPT, para evitar prexuízos irreversibles ao persoal funcionario potencialmente afectado nos procesos de provisión e no concurso ordinario 1/2025.

En relación a este escrito, cómpre opoñer, desde un punto de vista formal, que a aprobación inicial da modificación puntual da RPT non é susceptible de recurso administrativo por tratarse dun acto simple de trámite ou non cualificado, ex art. 112.1 LPACAP: *1. Contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 47 y 48 de esta Ley. La oposición a los restantes actos de trámite podrá alegarse por los interesados para su consideración en la resolución que ponga fin al procedimiento.*

Así, tal e como se recolle no anuncio publicado no BOP núm. 203, do 23.10.2025, aperturouse un trámite de información pública por un prazo de 20 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación, para que as persoas interesadas presenten as alegacións que estimen oportunas (do 24.10.2025 ao 20.11.2025).

Xa que logo, en aras do principio “pro actione”, habería que reconsiderar dito escrito como un escrito de alegacións presentado dentro do prazo do trámite de información pública da aprobación inicial da modificación puntual da RPT do Concello da Coruña.

Entrando xa na análise das alegacións realizadas, cabe facer as seguintes consideracións:

1. Falta de motivación

Fronte a esta alegación, a aprobación inicial da modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña relativa ao requisitos específicos de determinados postos de traballo para a súa convocatoria no concurso ordinario 1/2025 motívase ampla e suficientemente no informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local.

Consonte o certificado emitido pola concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, que se incorpora ao expediente co CSV 4Q2P 2D5V 2V41 6M28 0CWD, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2025 acordou, por unanimidade, en votación ordinaria, aprobar inicialmente a dita modificación puntual *“Prevía deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas [...].”*



Concello da Coruña

O punto segundo do informe-proposta que serve de motivación ao acordo da Xunta de Goberno Local do 22.10.2025, que se incorpora ao expediente co CSV 2Q2G 0Q21 2Z1F 3S4C 0WJ7, recolle a base legal e a doutrina xurisprudencial que fundamenta esta modificación puntual da RPT, establecendo:

“Segundo.-As RPT configúranse como instrumentos técnicos de carácter público de planificación esencial, que inclúen todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral dunha administración pública. A través da RPT, as Administracións Públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, coa finalidade de organizar, racionalizar e ordenar o persoal, facilitando así unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Os acordos de aprobación das RPT constitúen unha das manifestacións do exercicio da potestade autoorganizativa municipal recoñecida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Así tamén o recolle o artigo 72 do TREBEP que establece que, no marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións Públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións. Segundo consolidada doutrina xurisprudencial a dita potestade administrativa deberá, en todo caso, exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo do 12/07/1999, sinala: *“El artículo 15 de la Ley 30/1984, de 2 agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, dispone en su apartado 1 que las relaciones de puestos de trabajo de la Administración del Estado son el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios; añadiendo en la letra d) de ese apartado que la creación, modificación, refundición y supresión de puestos de trabajo se realizará a través de las relaciones de puestos de trabajo... se incluye en el ámbito abarcado por la potestad autoorganizativa de las Administraciones Públicas, que atribuye a éstas la facultad de organizar los servicios en la forma que estime más conveniente para su mayor eficacia, a la que le compele el mandato contenido en el artículo 103.1 de la Constitución, sin trabas derivadas del mantenimiento de formas de organización que hayan podido mostrarse menos adecuadas para la satisfacción de ese mandato; potestad de autoorganización en la que es característica la discrecionalidad que domina su ejercicio...”*

Así mesmo, a sentenza do TSX de Galicia do 25/12/2010 establece *“Es innegable que la ordenación del personal, objeto al que sirve la relación de puestos de trabajo, según el artículo 15 de la Ley 30/1984 y ahora, conforme al artículo 74 del Estatuto Básico del Empleado Público, forma parte de la potestad organizativa de la Administración, extremo que este último precepto refleja expresamente al calificar a esas relaciones de “instrumento organizativo”.*

Esta potestade de autoorganización proxéctase tanto na elaboración inicial dunha RPT como nas súas modificacións posteriores. Xa que, tal como sinala a STS do 12/03/1990, as circunstancias cambiantes de todo tipo que afectan á actividade administrativa poden demandar, en aras dun mellor funcionamento dos servizos públicos, unha variación da organización, por canto a Administración non pode quedar anquilosada a manter indefinidamente determinadas prácticas de organización e/ou funcionamento. En todo caso, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, a RPT debe ter un carácter flexible, co fin de conseguir dunha maior eficacia e eficiencia organizativa, adaptándose, en cada momento, ás necesidades da administración.



Concello da Coruña

Así, a sentenza do Xulgado Contencioso- Administrativo número 17 de Barcelona do 12 de setembro do 2017, na mesma liña, sinala que: *“El TS tiene expuesto que RPT es un instrumento de organización que debe estar al servicio de las necesidades de la Administración para dar respuesta a las necesidades inmediatas que pudieran surgir en la labor de organizar de manera eficientes sus efectivos públicos. Y que la posibilidad de llevar a cabo esta actuación encontraba su legitimación en el marco de la competencia de autoorganización de la Administración Pública para vertebrar sus recursos humanos, según lo dispuesto en el art. 72 EBEP . En definitiva que la potestad autoorganizativa de las Administraciones Públicas atribuía a éstas la facultad de organizar los servicios en la forma que estimaran más conveniente a razón de una mayor eficacia para satisfacer los intereses generales a la que le compele el mandato contenido en el art. 103.1 CE .*

De lo expuesto, se puede colegir que es cada Administración el único ente que puede y debe valorar las concretas necesidades de su organización administrativa y definir las características de los puestos de trabajo que forman parte de su estructura administrativa en ejercicio de esa potestad de autoorganización. La Administración materializa dicha actividad mediante la aprobación o modificación de las correspondientes RRPPTT, siendo éste el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal de acuerdo con las necesidades de los Servicios, debiendo incluir al menos la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas a que están adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias (art. 74 EBEP)”.[...]”

Así mesmo, o punto cuarto do mencionado informe-proposta de acordo fai referencia á negociación sindical previa á adopción deste acordo, na que se fixaron as pautas xerais dispoñendo:

“Cuarto.- Chegados a este punto e para abordar o concurso ordinario no escenario dunha organización equilibrada, eficiente e participativa dos efectivos humanos dispoñibles, facilitadora do dereito a carreira administrativa do funcionariado do Concello, entendida como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade, procede acoutar- neste intre- os postos de traballo que sexan obxecto, como mínimo, desa convocatoria de concurso ordinario, precisando os seus requisitos, xa sexan no nivel dunha titulación específica, unha rama profesional ou incluso a titularidade dunha determinada praza.

Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025 (PROV 2025067), cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo.

Xa que logo, este acoutamento ten acomodo no marco normativo, en atención ás necesidades efectivamente existentes nos distintos servicios (art. 89.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do



Concello da Coruña

emprego público de Galicia) convocando como mínimo os postos contemplados na RPT vixente a provistar por concurso ordinario, con complemento de destino inferior ao nivel 26, que se atopen ocupadas en comisión de servizos e en adscrición provisional. Exclúense os postos de traballo pertencentes a policía local e a bombeiros posto que teñen un réxime específico de provisión e, en canto aos bombeiros está en fase de tramitación a provisión por concurso específico de seis postos de cabos do SEIS. Tamén se exclúe “ope legis” ao persoal funcionario de carreira adscrito por motivos de saúde, rehabilitación, ou por motivos de violencia de xénero nos termos do propio art. 89.2 da citada Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia. Non se inclúen no concurso os postos de traballo base dentro de cada grupo ou subgrupo de clasificación posto que consonte a práctica seguida nesta administración, con carácter ordinario, son os de adscrición do persoal de novo ingreso, procedente de superación de procesos selectivos.

Anéxase o documento nomeado “modificación puntual da RPT”, relativo aos postos que está previsto incorporar ao concurso ordinario a convocar na anualidade de 2025, con indicación dos requisitos específicos determinados para cada posto, incluídas as modificacións acaídas. Cómpre precisar que nos postos á incorporar ao concurso ordinario cabería incluír outros postos vacantes a maiores en tanto que sexa necesario cubrir para dar cumprida satisfacción ás necesidades da organización.

A estratexia de autoorganización que se formula facilita continuar analizando e mesmo negociando coas seccións sindicais, as peculiaridades dos postos de traballo a provistar por concurso específico, así como as especiais características daquelas outras que deban proveerse polo sistema de libre designación, con un estatuto xurídico específico en ambos casos. Esta estratexia enmárcase no eixo de vincular as funcións co funcionariado, atendendo a criterios de racionalidade, de maior eficacia na organización encamiñados a una adecuada prestación dos servizos públicos á cidadanía, de tal sorte que os funcionarios desempeñen as funcións para as que están máis capacitados (idoneidade) e que as funcións que a administración debe realizar sexan cumpridas de maneira eficiente polo funcionariado.”

Polo exposto, esta aprobación inicial de modificación puntual da RPT axústase ao criterio xurisprudencial de necesidade de motivación suficiente, no contexto do exercicio de potestades de autoorganización.

En consecuencia, reconsiderase o recurso como unha alegación e desestímase como tal alegación.

2. Limitacións e restricións arbitrarias nos requisitos de titulación para o acceso e provisión de determinados postos de traballo

Fronte a esta alegación, a modificación da titulación requirida para o acceso a determinados postos, coa finalidade exposta no punto anterior, baséase na aplicación do principio xurisprudencial de liberdade con idoneidade recollido, entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo, do 10 de abril de 2006 (Sala 3ª do contencioso-administrativo, sección 7ª, Rec. 2390/2001), que recoñece: “[...] *La jurisprudencia se orienta en el sentido de atender fundamentalmente al nivel de conocimientos que se derivan de los títulos profesionales, pero huyendo de la determinación de una competencia exclusiva general... como dice la sentencia de este Tribunal de 19 de diciembre de 1996, debe declararse que los diferentes técnicos pueden actuar de acuerdo con la capacidad profesional que acrediten sus títulos, sin que sea indispensable que actúe siempre el profesional estrictamente especialista.... y como pone de relieve la sentencia de este mismo Tribunal de 27 de mayo de 1998 se confirma la sentencia recurrida que manifiesta que "reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, en la que se*



Concello da Coruña

viene a afirmar que frente al principio de exclusividad debe prevalecer el de libertad con idoneidad, ya que al existir una base de enseñanzas comunes entre algunas ramas de enseñanzas técnicas éstas dotan a sus titulados superiores de un fondo igual de conocimientos técnicos que, con independencia de las distintas especialidades, permiten el desempeño de puestos de trabajo en los que no sean necesarios unos determinados conocimientos sino una capacidad técnica común y genérica que no resulta de la situación específica obtenida sino del conjunto de los estudios que se hubieran seguido [...]".

Ademais, como se expuxo anteriormente, esta proposta de modificación foi negociada coas distintas seccións sindicais existentes no Concello da Coruña na Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 21.10.2025, que veu precedida de reunións e debates en varias mesas técnicas convocadas a estes efectos, con intercambio de distintos borradores de documentos, documentado a través das distintas convocatorias e minutas de actas das respectivas sesións.

Polo tanto, acordouse unha modificación con criterios laxos, para facilitar a participación, esixindo unha determinada titulación cando veña así establecido pola normativa e acudindo a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos nos que as funcións do posto requiran coñecementos especializados, como é o caso dos postos de administración especial.

As facultades discrecionais de autoorganización que representa a modificación da RPT, exercéronse coa elección dos requisitos que se consideran máis eficaces e razoables para o desenvolvemento de cada servizo ou área da administración, dentro do marco legal establecido e previa negociación cos representantes sindicais en mesa xeral de negociación, e mesas técnicas previas e preparatorias.

Polo tanto, reconsiderase o recurso, como unha alegación e desestímase como tal alegación, tamén neste apartado.

3.Revisión da situación do persoal funcionario pertencente ao grupo B:

Esta alegación excede do obxectivo desta modificación puntual da RPT, que se define e delimita no mencionado punto cuarto do informe-proposta que lle serve de motivación: abordar o concurso ordinario no escenario dunha organización equilibrada, eficiente e participativa dos efectivos humanos dispoñibles, facilitadora do dereito a carreira administrativa do funcionariado do Concello, entendida como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Non cabe entrar en cuestións alleas ao expediente de modificación, aprobado inicialmente e obxecto de información pública.

Polo tanto, reconsiderase o recurso como unha alegación e desestímase como tal alegación, respecto desta concreta alegación.



Concello da Coruña

4.4- ALEGACIÓN DE DANIEL VEIRAS VEIRAS

1.Respecto do posto referencia 1881, solicita que para o caso de acceso ao posto desde o grupo B, se inclúa a titulación co código B09/1 correspondente ao título de formación profesional de grao superior de delineación industrial, por estar directamente relacionado coa delineación, por ser equivalente ás actualmente admitidas para o acceso desde o grupo B e así mesmo plenamente válida para o desempeño das funcións propias do posto.

En relación con esta alegación:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Trabajo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4403, 4404, B04	Ctr. Arqueol.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Trabajo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301,4403, 4404, 4406 (A2); B04, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

Revisada a proposta de modificación inicial tendo en conta o fundamento desta alegación, estímase esta alegación e, en consecuencia, modifícase a titulación requirida para o acceso ao posto 1881 desde o grupo B, debendo figurar no apartado de “Requisitos específicos” as seguintes titulacións:

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Trabajo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301,4403, 4404, 4406 (A2); B04, B09/1, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

As titulacións correspondentes ao código con referencia B09/1, consonte as normas de xestión son as seguintes:

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
--	--	Delineación industrial	B09/1

2.Respecto dos postos coa referencia 1841 e referencia 1851, solicita que se amplíen as titulacións requiridas, admitindo os mesmos códigos recoñecidos para os postos 1791, 1639 e 1642: B04/0, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1) e, en consecuencia, que se abran tamén ao grupo



Concello da Coruña

B. Alega que a esixencia da titulación 301 (C1) nestes postos limita o acceso a persoas con formación equivalente, vulnerando os principios de igualdade, mérito e capacidade recollidos no artigo 103 CE e no artigo 55 TREBEP.

Fronte a esta alegación, cómpre referirse ao alcance ou obxectivo desta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña, que está especificado no punto cuarto do informe-proposta que serve de motivación ao Acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local: “[...] *Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo [...]*”.

Xa que logo, esta modificación puntual circunscríbese ao apartado de requisitos específicos do posto de traballo, isto é, titulacións requiridas para o acceso, sen afectar ás demais características do posto, entre elas, o grupo de clasificación do posto. Os postos 1841 e 1851 están abertos exclusivamente ao subgrupo A2 e ao subgrupo C1, polo que a modificación proposta debe referirse únicamente a titulacións correspondentes a os subgrupos de clasificación A2 e C1.

Detállanse de seguido as características dos postos 1841 e 1851 na actual RPT e a modificación realizada:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1841 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1841	Infraestruturas	IE4000	Vía Pública e Patrimonio	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AE	FR09 ED	C	AY		

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1841 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1841	Infraestruturas	IE4000	Vía Pública e Patrimonio	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AE	FR09 ED	C	AY	4301, 4302 (A2); 301 (C1)	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1851 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):



Concello da Coruña

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspector/a Adxunto/a de Infraestruturas	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	Carné B	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1851 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspector/a Adxunto/a de Infraestruturas	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	301 (C1); Carné B	

Ao igual que noutras alegacións precedentes, non é posible nesta fase de aprobación definitiva da modificación puntual, entrar en cuestións alleas ao expediente de modificación, aprobado inicialmente e obxecto de información pública, por coherencia procedimental e posto que suporía apartarse das cuestións que atinxen a esta modificación e que foron negociadas na MXN do 21.10.2025.

No que atinxe ao posto 1851, remitímonos á aclaración efectuada no punto 4.3 deste informe-proposta.

En consecuencia, desestímase esta alegación por exceder do obxectivo desta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña

4.5.- ALEGACIÓN PRESENTADA POR ANA ISABEL FILGUEIRAS ESPASANDÍN NA SÚA CONDICIÓN DE SECRETARIA DA SECCIÓN SINDICAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) NO CONCELLO DA CORUÑA

1. Alega que non se modifican os requisitos específicos de todos os postos da escala de administración especial, o que supón unha discriminación nos casos nos que un posto de traballo teña na RPT unha dotación superior a 1. Relaciona un total de 9 postos nos que se da esta situación (técnico medio de control de xestión, técnico medio de innovación tecnolóxica, técnico medio de educación, técnico de intervención da edificación, entre outros).

Fronte a esta alegación, cómpre referirse ao alcance ou obxectivo desta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña, que está especificado no punto cuarto do informe-proposta que serve de motivación ao Acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local, que se reproduce de seguido:

“[...]para abordar o concurso ordinario no escenario dunha organización equilibrada, eficiente e participativa dos efectivos humanos dispoñibles, facilitadora do dereito a carreira administrativa do funcionariado do Concello, entendida como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade, procede acoutar- neste intre- os postos de traballo que sexan obxecto, como mínimo, desa convocatoria de concurso ordinario, precisando os seus requisitos, xa sexan no nivel dunha titulación específica, unha rama profesional ou incluso a titularidade dunha determinada praza.



Concello da Coruña

Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025 (PROV 2025067), cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo.

Xa que logo, este acoutamento ten acomodo no marco normativo, en atención ás necesidades efectivamente existentes nos distintos servicios (art. 89.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) convocando como mínimo os postos contemplados na RPT vixente a provistar por concurso ordinario, con complemento de destino inferior ao nivel 26, que se atopen ocupadas en comisión de servizos e en adscrición provisional. Exclúense os postos de traballo pertencentes a policía local e a bombeiros posto que teñen un réxime específico de provisión e, en canto aos bombeiros está en fase de tramitación a provisión por concurso específico de seis postos de cabos do SEIS. Tamén se exclúe “ope legis” ao persoal funcionario de carreira adscrito por motivos de saúde, rehabilitación, ou por motivos de violencia de xénero nos termos do propio art. 89.2 da citada Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia. Non se inclúen no concurso os postos de traballo base dentro de cada grupo ou subgrupo de clasificación posto que consonte a práctica seguida nesta administración, con carácter ordinario, son os de adscrición do persoal de novo ingreso, procedente de superación de procesos selectivos.

Anéxase o documento nomeado “modificación puntual da RPT”, relativo aos postos que está previsto incorporar ao concurso ordinario a convocar na anualidade de 2025, con indicación dos requisitos específicos determinados para cada posto, incluídas as modificacións acaídas. Cómpre precisar que nos postos á incorporar ao concurso ordinario cabería incluír outros postos vacantes a maiores en tanto que sexa necesario cubrir para dar cumprida satisfacción ás necesidades da organización.”

Xa que logo, esta modificación puntual circunscríbese á relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025 (PROV 2025067) e, polo tanto, por esta finalidade, non alcanza a todos os postos da escala de administración especial da RPT.

Recordar que na documentación preparatoria e no propio acordo de aprobación inicial xa se precisaba o ámbito material da modificación e a vontade de continuar na ordenación da actividade profesional dos recursos humanos deste Concello.

En consecuencia, desestímase esta alegación.

2.Alega que se modifican titulacións específicas en atención ás funcións do posto sen unha previa valoración de postos de traballo e sen motivación (por exemplo, en postos barrados ás escalas AX/AE).



Fronte a esta alegación, cabe opoñer o seguinte:

Na Mesa Xeral de Negociación do 21.10.2025, na que participaron representantes da administración municipal e representantes das distintas seccións sindicais existentes no Concello da Coruña (CIG, CSIF, UXT, CCOO) foi aprobada por maioría sindical a proposta de modificación puntual da RPT para fixar os requisitos de determinados postos de traballo coa fin da súa provisión por concurso ordinario.

Esta MXN foi precedida de varias reunións e mesas técnicas convocadas a estes efectos nas que se delimitou o obxecto e finalidade desta modificación puntual da RPT, que está vinculada á convocatoria do concurso ordinario, tal e como se recolle no informe- proposta que serve de base e motivación ao acordo adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local.

A dita proposta foi aprobada por maioría das seccións sindicais, chegando ao acordo de realizar unha modificación con criterios laxos, para facilitar a participación, esixindo unha determinada titulación cando veña así establecido pola normativa e acudindo a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos nos que as funcións do posto requiran coñecementos especializados (administración especial).

As facultades discrecionais de autoorganización que representa a modificación da RPT exercéronse coa elección dos requisitos que se consideran máis eficaces e razoables para o desenvolvemento de cada servizo ou área da administración, dentro do marco legal establecido e previa negociación cos representantes sindicais en mesa xeral de negociación.

A fixación de requisitos, que habilita para o acceso aos postos de traballo, faise consonte as funcións do posto, xa definidas no Manual de funcións dos postos de traballo do Concello da Coruña aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26.10.2007 e, así mesmo, consonte as necesidades de cada área ou servizo e o sistema de titulación establecido pola normativa sectorial de educación adaptándose ao sistema de Bolonia.

En canto á motivación específica, cómpre lembrar que a tramitación tivo en conta os traballos previos do Servizo de Recursos Humanos e os distintos servizos e/ou áreas afectadas.

Os/as empregados/as públicos que ostentan un interese concreto en canto aos requisitos tiveron a posibilidade de alegar durante esta fase de información pública e algunhas destas alegacións foron estimadas nesta proposta de acordo.

Esta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña ten un fin concreto e específico, que é a convocatoria dun concurso ordinario como sistema de provisión de postos de traballo coa maior celeridade posible, precisamente para mitigar as formas de provisión extraordinarias e resulta compatible cun proceso máis amplo, como xa se expuxo na MXN 21.10.2025 e nalgunha mesa técnica previa, de elaboración dunha nova RPT na que se profundizará na valoración dos postos de traballo e se fará un estudo da posible apertura dos postos a ambas escalas (AX/AE) así como aos grupos e subgrupos.

Polo tanto, sí existen funcións establecidas no manual de funcións aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26.10.2007, do que se parte, acomodando os requisitos dos postos a estas funcións predeterminadas, no contexto do sistema de titulación establecido sectorialmente e do principio xurisprudencial de liberdade con idoneidade.



O principio de liberdade con idoneidade ven recollido, entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo, do 10 de abril de 2006 (Sala 3ª do contencioso-administrativo, sección 7ª, Rec. 2390/2001), como se explica detalladamente no apartado 5 deste informe proposta.

Neste sentido, para determinar a titulación necesaria, acudimos á liberdade con idoneidade que é o criterio reitor das modificacións incorporadas aos requisitos dos postos.

Non se considerou nas distintas mesas técnicas preparatorias, nin tampouco na mesa xeral de negociación que a fixación de requisitos de titulacións aos postos, acordos aos principios de liberdade con idoneidade se tiver que subordinar a unha valoración dos postos de traballo; antes ben trátase de adecuar os requisitos dos postos co sistema de titulación vixente (marco español de cualificación) e as distintas sentencias que se van emitindo sobre estas cuestións

En consecuencia, desestímase esta alegación.

4.6.-ALEGACIÓN DE FERNANDO SANTIAGO MARTÍNEZ LÓPEZ (DIRECTOR DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS)

Por unha banda, solicita a inclusión no concurso dos postos 1840, 1888, 1893 e a exclusión do posto 1142. Por outra banda, respecto do posto 1876, xefatura de sección de apoio técnico de infraestruturas, que está aberto ás escalas de administración xeral e especial, solicita que se abra exclusivamente á escala de administración especial e, de non ser posible, que este posto non se inclúa no concurso.

Fronte a isto, cabe realizar as seguintes precisións: neste trámite de información pública da aprobación inicial da modificación puntual da RPT do Concello da Coruña non é posible tramitar peticións relativas a postos susceptibles de inclusión ou exclusión do próximo concurso ordinario a convocar, na medida en que únicamente se somete a información pública o obxecto da modificación, que ven acoutado no informe-proposta que serve de base e motivación ao acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local, e que se reproduce de seguido:

"[...] Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo [...]"

Por outro lado, en relación co posto 1851, aberto aos subgrupos C1/C2, solicita aclaración sobre si o requisito 301 afecta a los dos subgrupos e, no caso de afectar ao subgrupo C2, que se elimine este requisito.

A este respecto, cabe indicar o seguinte:



Concello da Coruña

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1851** NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspect. Adx. Infraest.	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	Carné B	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1851** CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspect. Adx. Infraest.	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	301 (C1); Carné B	

Nos requisitos específicos, engádesa a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde á rama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).

A modificación afecta, exclusivamente, a quen acceda ao posto desde o subgrupo C1, en base ao artigo 76 do TREBEP, que establece os grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira de acordo coa titulación esixida para o acceso, dispoñendo que para o acceso ao subgrupo C1 requirirase título de bacharel ou técnico e que para o acceso ao subgrupo C2 requirirase título de graduado en educación secundaria obligatoria (ESO). En consecuencia, como para o acceso ao subgrupo C2 a lei esixe unicamente o título de graduado en ESO, a modificación da RPT non pode establecer requisitos específicos de titulación para postos do subgrupo C2.

A modificación circunscríbese aos que acceden desde o subgrupo C1, polo tanto só neste apartado se estima a alegación a efectos de aclaración, desestimándose no resto de consideracións.

4.7.- ALEGACIÓN DE JUAN RAMÓN SAAVEDRA HERMIDA

1.Solicita a eliminación das titulacións específicas engadidas nos postos 1841 e 1851, alegando incoherencia e restrición inustificada.

En relación con esta alegación, detállanse de seguido as características dos postos 1841 e 1851 na actual RPT e a modificación realizada:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1841** NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1841	Infraestruturas	IE4000	Vía Pública e Patrimonio	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AE	FR09 ED	C	AY		

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1841** CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE



Concello da Coruña

DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1841	Infraestruturas	IE4000	Vía Pública e Patrimonio	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AE	FR09 ED	C	AY	4301, 4302 (A2); 301 (C1)	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1851 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspector/a Adxunto/a de Infraestruturas	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	Carné B	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1851 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspector/a Adxunto/a de Infraestruturas	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	301 (C1); Carné B	

Fronte a esta alegación, cabe opoñer o seguinte:

Na Mesa Xeral de Negociación do 21.10.2025, na que participaron representantes da administración municipal e representantes das distintas seccións sindicais existentes no Concello da Coruña (CIG, CSIF, UXT, CCOO) foi aprobada por maioría sindical a proposta de modificación puntual da RPT para fixar os requisitos de determinados postos de traballo coa fin da súa provisión por concurso ordinario.

Esta MXN foi precedida de varias reunións e mesas técnicas convocadas a estes efectos nas que se delimitou o obxecto e finalidade desta modificación puntual da RPT, que está vinculada á convocatoria do concurso ordinario, tal e como se recolle no informe- proposta que serve de base e motivación ao acordo adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local.

A dita proposta foi aprobada por maioría das seccións sindicais, chegando ao acordo de realizar unha modificación con criterios laxos, para facilitar a participación, esixindo unha determinada titulación cando veña así establecido pola normativa e acudindo a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos nos que as funcións do posto requiran coñecementos especializados, como é o caso dos postos que pertencen á escala administración especial, entre eles os postos 1841 e 1851, de conformidade coas características que se detallan nas táboas descritas.



Concello da Coruña

As facultades discrecionais de autoorganización que representa a modificación da RPT exercéronse coa elección dos requisitos que se consideran máis eficaces e razoables para o desenvolvemento de cada servizo ou área da administración, dentro do marco legal establecido e previa negociación cos representantes sindicais en mesa xeral de negociación.

A modificación da titulación requirida para o acceso a determinados postos, coa finalidade exposta no punto anterior, baséase na aplicación do principio xurisprudencial de liberdade con idoneidade recollido, entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo, do 10 de abril de 2006 (Sala 3ª do contencioso-administrativo, sección 7ª, Rec. 2390/2001), que recoñece: “[...] *La jurisprudencia se orienta en el sentido de atender fundamentalmente al nivel de conocimientos que se derivan de los títulos profesionales, pero huyendo de la determinación de una competencia exclusiva general... como dice la sentencia de este Tribunal de 19 de diciembre de 1996, debe declararse que los diferentes técnicos pueden actuar de acuerdo con la capacidad profesional que acrediten sus títulos, sin que sea indispensable que actúe siempre el profesional estrictamente especialista.... y como pone de relieve la sentencia de este mismo Tribunal de 27 de mayo de 1998 se confirma la sentencia recurrida que manifiesta que "reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, en la que se viene a afirmar que frente al principio de exclusividad debe prevalecer el de libertad con idoneidad, ya que al existir una base de enseñanzas comunes entre algunas ramas de enseñanzas técnicas éstas dotan a sus titulados superiores de un fondo igual de conocimientos técnicos que, con independencia de las distintas especialidades, permiten el desempeño de puestos de trabajo en los que no sean necesarios unos determinados conocimientos sino una capacidad técnica común y genérica que no resulta de la situación específica obtenida sino del conjunto de los estudios que se hubieran seguido [...]"*”.

Respecto desta alegación, debe terse en conta ademais o principio de liberdade con idoneidade, salientando que a idoneidade, nesta ordenación dos Recursos humanos, é unha canle para a eficacia administrativa. En canto ao posto 1851, están aclarados os requisitos en apartados precedentes dando resposta a outras alegacións.

En consecuencia, desestímase esta alegación.

2. Solicita a modificación da clasificación dos postos 1325 e 1841 (e outros en idéntica situación na RPT) de A2/C1 a A2/B/C1, para garantir a conformidade da RPT con TREBEP.

Fronte a esta alegación, cómpre referirse ao alcance ou obxectivo desta modificación puntual da RPT do Concello da Coruña, que está especificado no punto cuarto do informe-proposta que serve de motivación ao Acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local, que se reproduce de seguido:

“[...] para abordar o concurso ordinario no escenario dunha organización equilibrada, eficiente e participativa dos efectivos humanos dispoñibles, facilitadora do dereito a carreira administrativa do funcionariado do Concello, entendida como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade, procede acoutar- neste intre- os postos de traballo que sexan obxecto, como mínimo, desa convocatoria de concurso ordinario, precisando os seus requisitos, xa sexan no nivel dunha titulación específica, unha rama profesional ou incluso a titularidade dunha determinada praza.

Escoitadas as distintas seccións sindicais e debatido en mesas técnicas establecéronse como pautas xerais a efectos de fixar os requisitos a cumprir para poder participar na convocatoria do concurso ordinario 1/2025, os preestablecidos na RPT vixente, limitando a modificación ao apartado de requisitos específicos con criterios laxos, no sentido de facilitar a



Concello da Coruña

participación, agás que o desempeño dun determinado posto requira por normativa unha determinada titulación, acudindo soamente a ramas profesionais de coñecemento ou a pertenza a determinadas prazas naqueles supostos en que as funcións e tarefas e desenvolver demanden a presenza de coñecementos especializados, como pode suceder nos postos de administración especial. Incorpórase en documento anexo a este informe proposta, a efectos da súa aprobación como modificación puntual da RPT, a relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025 (PROV 2025067), cuxos requisitos específicos, a efectos desta convocatoria son obxecto de aprobación como modificación puntual, respectando o resto de condicións e características dos respectivos postos de traballo [...]"

Xa que logo, esta modificación puntual circunscríbese aos requisitos específicos (titulación) da relación de postos que se postulan para incluír na convocatoria do concurso ordinario 1/2025 (PROV 2025067) e, polo tanto, por esta finalidade, non afecta ao grupo de clasificación dos postos nin as outras características.

A aprobación definitiva desta modificación puntual circunscrita a fixar requisitos de titulacións para determinados postos, a efectos do concurso ordinario con referencia 1/2025 e moi limitada e debe ser coherente co asunto negociado en mesa xeral, aprobado inicialmente e obxecto de información pública.

En consecuencia, desestímase esta alegación.

3.Solicita a inclusión da titulación B09/1 (delineación industrial) xunto coas titulacións B04 e B10/1 xa propostas para o posto 1881.

En relación con esta alegación:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protec. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4403, 4404, B04	Ctr. Arqueol.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protec. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301, 4403, 4404, 4406 (A2); B04, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

A titulación co código B09/1 corresponde ao título de formación profesional de grao superior de delineación industrial, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).



Concello da Coruña

Revisada a proposta de modificación inicial, estímase esta alegación por ser equivalente ás actualmente admitidas para o acceso desde o grupo B e, en consecuencia, modifícase o apartado de “Requisitos específicos” no sentido de incluír para o caso de acceso ao posto desde o grupo B a titulación B09/1, xunto coas titulacións B04 e B10/1.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protec. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301, 4403, 4404, 4406 (A2); B04, B09/1, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

4. Solicita a substitución do código B04 polos códigos B04/1 e B04/2 nos postos 1639, 1642, 1791 e 1881 (e noutros en idéntica situación na RPT).

Alega que empregar o código xenérico B04 (rama de Edificación e Obra Civil) supón a inclusión da especialidade B04/3 (organización e control de obras de construción), o que resulta unha incoherencia funcional coas tarefas de delineación.

En consecuencia, propónse que cando se faga referencia ás titulacións propias da delineación dentro da familia profesional de Edificación e Obra Civil (código B04), se indiquen especificamente os códigos B04/1 (Proxectos de Edificación) e B04/2 (Proxectos de Obra Civil), excluindo o B04/3 (Organización e Control de Obras de Construción), por non corresponderse co ámbito competencial e funcional da delineación.

En relación con esta alegación:

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1639 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1639	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Xefe/a de Delineación	B/C1	20	AE	FR09	C	AY	B04, B09/1, B10/1	Dib. Ass. y Trat.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1639 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1639	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Xefe/a de Delineación	B/C1	20	AE	FR09	C	AY	B04, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Nos requisitos específicos, engádese a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde á rama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).



Concello da Coruña

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1642** NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1642	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B10/1, B09/1,	Dib. Ass. y Trat.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1642** CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1642	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Nos requisitos específicos, engádese a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde árama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1791** NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B09/1, B10/1	Dib. Ass. y Trat.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO **1791** CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Nos requisitos específicos, engádese a titulación 301 para o caso de acceder ao posto desde o subgrupo C1. A titulación 301 corresponde árama de estudos en edificación e obra civil, prevista nas normas de xestión da RPT nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022).

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado por X. Servizo de Recursos Humanos (ANA CARRICABA ENGRUBA) a las 19:03 del día 24/11/2025, Director da Área de Administración Xeral (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 19:18 del día 24/11/2025 y por Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratégica, D. José Manuel Lage Tuñas (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 19:21 del día 24/11/2025. Mediante el código de verificación: 672L5H25200R1Y690L6M puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.concellor.coruña.gal/



Concello da Coruña

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 NA ACTUAL RPT (BOP núm. 31, do 14.02.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protec. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4403, 4404, B04	Ctr. Arqueol.

CARACTERÍSTICAS DO POSTO 1881 CONSONTE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT, SOBRE REQUISITOS ESPECÍFICOS DE DETERMINADOS POSTOS AOS EFECTOS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO 1/2025 (BOP núm. 203, do 23.10.2025):

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protec. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301, 4403, 4404, 4406 (A2); B04, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

Tendo en conta que, respecto do posto 1791, delinante do Servizo de Mobilidade Urbana, estimouse a alegación do Servizo de Mobilidade Urbana relativa á relación total de titulacións a esixir para o acceso ao posto desde o grupo B, entre as que está incluída a titulación B04 (rama de edificación e obra civil) e, así mesmo, tendo en conta que, como se recolle no punto cuarto do informe-proposta que serve de base e motivación ao acordo de aprobación inicial adoptado o 22.10.2025 pola Xunta de Goberno Local, a modificación do apartado de requisitos específicos realizarase con criterios laxos, para facilitar a participación, acudindo a ramas profesionais de coñecemento (agás que o desempeño dun determinado posto requira dunha determinada titulación) no caso de postos da escala de administración especial, estímase parcialmente esta alegación, no sentido de incluír os códigos B04/1 e B04/2 nos postos 1639, 1642, 1791 e 1881, pero sen excluír o código xenérico B04.

En conclusión, tendo conta que, respecto do posto 1881, estimouse unha alegación anterior no sentido de incluír a titulación B09/1 para o caso de acceso ao posto desde o grupo B, as características dos postos 1639, 1642, 1791 e 1881, como resultado desta modificación puntual da RPT, son as que se detallan de seguido:

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1639	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Xefe/a de Delineación	B/C1	20	AE	FR09	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1642	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1	Dib. Ass. y Trat.



Concello da Coruña

(B), 301/1
(C1)

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301, 4403, 4404, 4406 (A2); B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

As titulacións dos postos correspondentes aos códigos B04; B04/1; B04/2; B09/1; 301/1, consonte ás normas de xestión, son respectivamente ás seguintes:

TITULACIÓNS GRUPO B:

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
Edificación e Obra Civil (R)	Edificación e Obra Civil (R)	Edificación e Obra Civil (R)	B04

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
Proxectos de edificación	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	Técnico especialista en edificios e obras (Delineación)	B04/1
		Técnico especialista en edificios e urbanismo (Delineación)	
		Deseño de interiores (Delineación)	
Proxectos de obra civil	Desenvolvemento de proxectos urban. e oper. topográficas	Técnico especialista en topografía (Construción e obras)	B04/2
		Técnico Especialista en vía e obras (Construción e obras)	
		Técnico especialista en sobreestantes (Construcción)	



Concello da Coruña

	e obras)	
--	----------	--

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
--	--	Delineación industrial	B09/1

TITULACIÓNS GRUPO C1

FP II: GRUPO C1	Código
Delineación	301/1

Quinto.- Procede insistir no carácter moi limitado desta modificación puntual, enfocado á tramitación do concurso ordinario 1/2025 e partindo do Manual de funcións dos postos do Concello da Coruña, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26.10.2007, coa necesaria integración ou adaptación aos cambios lexislativos sobre titulacións académicas e aos cambios xurisprudenciais.

A fase de alegacións e consecuente resolución das mesmas vese constrinxido ao asunto negociado na MXN do 21.10.2025, posto que doutro xeito se podería incumplir o dereito dos empregados municipais á negociación colectiva nas materias que han de ser obxecto de negociación (Artigos 31 e seguintes do TREBEP). Xa que logo, non se poden introducir consideracións novidasas respecto da proposta negociada e do asunto aprobado inicialmente, que tamén suporía un desvío procesual.

Nesta modificación puntual fíxose unha aplicación ponderada do principio xurisprudencial de liberdade con idoneidade para establecer os requisitos dos postos, na procura, así mesmo, da adaptación ás novas titulacións no marco español das titulacións académicas.

O principio de liberdade con idoneidade ven recollido, entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo, do 10 de abril de 2006 (Sala 3ª do contencioso-administrativo, sección 7ª, Rec. 2390/2001), que recoñece:“[...] *La jurisprudencia se orienta en el sentido de atender fundamentalmente al nivel de conocimientos que se derivan de los títulos profesionales, pero huyendo de la determinación de una competencia exclusiva general...como dice la sentencia de este Tribunal de 19 de diciembre de 1996, debe declararse que los diferentes técnicos pueden actuar de acuerdo con la capacidad profesional que acrediten sus títulos, sin que sea indispensable que actúe siempre el profesional estrictamente especialista....y como pone de relieve la sentencia de este mismo Tribunal de 27 de mayo de 1998 se confirma la sentencia recurrida que manifiesta que "reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, en la que se viene a afirmar que frente al principio de exclusividad debe prevalecer el de libertad con idoneidad, ya que al existir una base de enseñanzas comunes entre algunas ramas de enseñanzas técnicas éstas dotan a sus titulados superiores de un fondo igual de conocimientos técnicos que, con independencia de las distintas especialidades, permiten el desempeño de puestos de trabajo en los que no sean necesarios unos determinados conocimientos sino una capacidad técnica común y genérica que no resulta de la situación específica obtenida sino del conjunto de los estudios que se hubieran seguido [...]"*.



Concello da Coruña

Esta argumentación foi exposta claramente na sentenza do TSX de Castela-A Mancha, Sala do contencioso-administrativo, Sección 2ª, de 22 xaneiro 2016 (Rec. 195/2013), que vén rexeitar a exclusividade e o monopolio de titulacións para o acceso a distintas prazas. Dinos a sentenza:

«A doutrina tradicionalmente seguida polo TS e que marcou, loxicamente, a doutrina desta Sala, é a que segue o principio que se pode denominar de «liberdade con idoneidade» con negación da «exclusividade e monopolio» no desempeño dos postos. É exemplo da mesma a STS 15/04/2011. B) Agora ben, existe un grupo de sentenzas do TS que parecen alterar o anterior criterio e sentar o principio de «suficiencia con idoneidade» con negación da esixencia de contemplar exhaustivamente todas as posibles titulacións hábiles. Debe optarse por un principio de suficiencia en canto á motivación das profesións que poden acceder a un determinado posto de traballo, fronte ao criterio de exhaustividade de chamada a todas aquelas profesións que teoricamente puidesen ser suficientes para un determinado posto de traballo por estar relacionadas co mesmo. C) A Administración non está obrigada a incluír exhaustivamente todas e cada unha das titulacións que puidesen dar competencia para o exercicio das funcións dun posto; pero tampouco pode relegar sen razón titulacións que sexan non xa «suficientes», senón «especialmente adecuadas».

Este mesmo criterio foi reiterado pola STSX de Castela-A Mancha do 17 de novembro de 2017 (Rec. 18/2017).

Se nos atemos á doutrina constitucional, vense a dicir que parece ter ao seu favor a idea de que o principio de igualdade, mérito e capacidade e de libre acceso en tales condicións aos cargos e empregos públicos (arts. 23.2 e 103.3 CE) abona que os postos de traballo ábranse a cantos titulados estean en condicións de desempeñalos. Esa é a idea que transmiten, á súa vez, as reflexións contidas na sentenza do Tribunal Constitucional 118/2008, do 13 de outubro.

Polo tanto, no conxunto do expediente existe unha motivación “in aliunde” adecuada, detallada e suficiente para cada unha das decisións tomadas relativas á modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña sobre requisitos específicos de determinados postos aos efectos da convocatoria do concurso ordinario 1/2025, que é conforme coa construción xudicial de liberdade con idoneidade.

Sexto.- Dispón o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, relativo á tramitación das relacións de postos de traballo na administración local:

“1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.

2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da



Concello da Coruña

Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.”

Sétimo.- A competencia para a adopción de acordos sobre aprobación de relación de postos de traballo, en virtude do artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local, con carácter indelegable.

De conformidade co establecido nos artigos 90.2 e 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, unha vez finalizado o prazo de información pública do acordo de aprobación inicial da modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello da Coruña, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2025, e examinadas as alegacións presentadas, formulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir o escrito co número de rexistro 84289 e código de asento RMPE 191T1D presentado o 05.11.2025 por dona María Dolores Pardo Pallas, por non aportar escrito de alegacións.

Segundo .- Estimar parcialmente a alegación presentada por dona María Dolores Ferreiro López-Rioboo (xefa do Servizo de Mobilidade Urbana) relativa á inclusión das titulacións B04/1 e B04/2 para o caso de acceso ao posto **1791 (delineante do Servizo de Mobilidade Urbana)** desde o grupo B, por estar directamente relacionadas coa delineación, por ser equivalentes ás actualmente admitidas para o acceso desde o grupo B e, así mesmo, plenamente válidas para o desempeño das funcións propias do posto.

As titulacións B04/1 e B04/2 están previstas nas normas de xestión da RPT, nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022):

TITULACIÓNS GRUPO B

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
Proxectos de edificación	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	Técnico especialista en edificios e obras (Delineación)	B04/1
		Técnico especialista en edificios e urbanismo (Delineación)	



Concello da Coruña

		Deseño de interiores (Delineación)	
Proxectos de obra civil	Desenvolvemento de proxectos urban. e oper. topográficas	Técnico especialista en topografía (Construción e obras)	B04/2
		Técnico Especialista en vía e obras (Construción e obras)	
		Técnico especialista en sobreestantes (Construcción e obras)	

Terceiro .- Estimar a alegación presentada por don Daniel Veiras Veiras relativa á inclusión da titulación B09/1 para o caso de acceso ao posto **1881 (técnico/a protección patrimonio histórico)** desde o grupo B, por ser equivalente ás actualmente admitidas e plenamente válida para o desempeño das funcións propias do posto.

A titulación B09/1 está prevista nas normas de xestión da RPT, nas que se inclúe un Anexo I, sobre códigos de títulos académicos (BOP núm. 133, do 19.08.2020; modif. BOP núm. 84, do 04.05.2022):

TITULACIÓNS GRUPO B

Titulación LOE 2/2006 (03/05/2006)	Titulación LOGSE O 1/1990 (03/10/1990)	Titulación de T. Espec. (RD 777/1998)	Cód.
--	--	Delineación industrial	B09/1

Cuarto.- Estimar parcialmente a alegación presentada por don Juan Ramón Saavedra relativa ás titulacións da rama de edificación e obra civil requiridas para o acceso desde o grupo B aos postos **1639 (xefe/a de delineación, Servizo de Planeamento e Xestión do Solo)**, **1642 (delineante do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo)**, **1791 (delineante do Servizo de Mobilidade Urbana)** e **1881 (técnico/a de protección do patrimonio histórico, do Servizo de Infraesturas)**, no sentido de incluír os códigos B04/1 e B04/2, pero sen excluír o código xenérico B04, relativo á rama de edificación e obra civil (consonte o anexo de códigos de titulación), en aplicación dun criterio de homoxeneidade en postos idénticos ou similares.

Quinto.- Cualificar como alegación o recurso de reposición presentado por dona Paula Iglesias Remuíñán e desestimar a devandita alegación.

Sexto.- Desestimar as demais alegacións presentadas e relacionadas no corpo deste informe-proposta.



Concello da Coruña

Sétimo.- Modificar, como consecuencia da estimación das alegacións indicadas, os requisitos específicos (titulación) dos seguintes postos de traballo:

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1639	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Xefe/a de Delineación	B/C1	20	AE	FR09	C	AY	B04, B04/1,B04/2, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1642	Planeamento e Xestión do Solo	UR2120	Oficina Técnica de Planeamento	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1,B04/2, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1,B04/2, B09/1, B10/1 (B), 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301,4403, 4404, 4406 (A2); B04, B04/1,B04/2, B09/1, B10/1 (B)	Ctr. Arqueol.

Oitavo.- Aclarar, en canto aos requisitos do posto **1851**, que a modificación afecta, exclusivamente, a quen acceda ao posto desde o subgrupo C1. Polo tanto, as titulacións que se correspondan coa codificación 301 só se esixe ás persoas funcionarias que accedan desde o subgrupo C1.

Noveno.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello da Coruña sobre requisitos específicos de determinados postos a efectos da convocatoria do concurso ordinario 1/2025, de acordo cos antecedentes que obran no expediente.

Décimo.- Ordear a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña da parte dispositiva e do anexo da presente modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña sobre requisitos específicos de determinados postos a efectos da convocatoria do concurso ordinario 1/2025.



Concello da Coruña

Ordear a publicación do contido íntegro da modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña sobre requisitos específicos de determinados postos a efectos da convocatoria do concurso ordinario 1/2025, xunto co seu anexo, no:

1. Xestor de contidos SPO – ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: Relación de Postos de Traballo e Cadro de persoal (coruna.gal)
3. Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>

Ordear a notificación individual a cada unha das persoas interesadas que presentaron alegacións á aprobación inicial.

Décimo primeiro.- Remitir copia ou extracto comprensivo do acordo adoptado, no prazo de trinta días, aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto no art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de servizo de RRHH
Ana Carricoba Engroba

O director da área de Administración Xeral
Manuel Ángel Jove Losada

O concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica
Jose Manuel Lage Tuñas

Ref. Única	Servizo	Cod. U.O.	Unidad Organizativa	Posto de Traballo	Grupo	N/C	Escala	Específico	FP	Adm.	Requisitos Específicos	Formación Complementaria
0059	Secretaría Xeral	SG1000	Actividade Corporativa	Asistente de Adm.	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0060	Secretaría Xeral	SG1000	Actividade Corporativa	Asistente de Adm.	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0068	Asesoría Xurídica	AJ0000	Asesoría Xurídica	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0110	Xestión Tributaria	GT3200	Xestión de Tributos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
0152	Xestión Tributaria	GT4000	Inspección de Tributos	Auxiliar de Inspección de Tributos	C1/C2	16	AX	FR04 PI	C	AY		F.A.X.
0159	Xestión Tributaria	GT5000	Inf. e Rexistro da Franxa	Admin. Atención Tributaria	C1	20	AX	FR06 AP1	C	AY		F.A.X., At. Pub.
0175	Recursos Humanos	PE1100	Administración de RR.HH.	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0192	Recursos Humanos	PE4000	Apoio á Xefatura de RR.HH.	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0262	Contratación	CT3000	Apoio Admin. á Xefatura de Contrat.	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
0279	Conces. e Patrim. Munic.	PT1000	Conces. e Patrim. Munic.	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11	C	AY		
2177	Economía e Investim.	EC0000	Economía	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		
0074	Orz. e Estud. Econ.	SH0000	Orz. e Estud. Econ.	Técnico/a Orzamentos	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED	C	AY	R400	
2192	Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xestor/a Econ-Orzament.	A1/A2	22	AX	FR09 ED	C	AY		
2166	Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 ED	C	AY		F.A.X.
2167	Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzamentos e Estudos Económicos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 ED	C	AY		F.A.X.
1943	Att. Cidadá e Interior	IT2100	Patrim. e Reclam. Patrim.	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11	C	AY		
1944	Att. Cidadá e Interior	IT2100	Patrim. e Reclam. Patrim.	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1949	Att. Cidadá e Interior	IT2210	Atención Cidadá	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1962	Att. Cidadá e Interior	IT2210	Atención Cidadá	Auxiliar Atención Cidadá	C1/C2	18	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1971	Att. Cidadá e Interior	IT2210	Atención Cidadá	Auxiliar Atención Cidadá	C1/C2	16	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1981	Att. Cidadá e Interior	IT2220	Estatística e Padrón	Auxiliar Atención Cidadá	C1/C2	18	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1984	Att. Cidadá e Interior	IT2220	Estatística e Padrón	Auxiliar Atención Cidadá	C1/C2	18	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1986	Att. Cidadá e Interior	IT2220	Estatística e Padrón	Auxiliar Atención Cidadá	C1/C2	18	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
2000	Att. Cidadá e Interior	IT2310	Reprografía	Téc. Aux. de Reprografía	C1/C2	18	AX/AE	FR06	C	AY		
2081	Att. Cidadá e Interior	IT2600	Teléfono 010 e Relacións cos Cidadáns	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED	C	AY		
2116	Informática	IF1400	Apoio a Informática	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
2117	Informática	IF1400	Apoio a Informática	Asist. Atención a Usuarios	C1/C2	18	AX	FR06 ED	C	AY		F.A.X.
2124	Innov. e Desenv. Tecnol.	ID1000	Modernización de Procesos	Téc. Medio Control de Xestión	A2	22	AX/AE	FR09 ED	C	AY	R500, 4101, 4103 (A2)	
2130	Innov. e Desenv. Tecnol.	ID2000	Innov. e Desenv. Tecnol.	Téc. Medio Innov. Tecnolóx.	A2	22	AE	FR09 ED	C	AY	R500, 4101, 4103 (A2)	
1266	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1267	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 AP1	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1280	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1304	Tesourería Xeral	TG3000	Apoio Administrativo de Tesourería Xeral	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1325	Educación	ED0000	Educación	Técnico/a de Educación	A2/C1	20	AE	FR09	C	AY		
1330	Educación	ED0000	Educación	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0285	Cultura e Memoria Histórica	CM1000	Servizos Xerais de Cultura e Memoria Histórica	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
2251	Cultura e Memoria Histórica	CM5000	Promoción Cultural	Director/a do Centro Sociocult. Ágora	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R100	
2252	Cultura e Memoria Histórica	CM5000	Promoción Cultural	Director/a do Fórum Metropolitano	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R100	
0330	Cultura e Memoria Histórica	CM6100	Exposicións e Coleccións	Director/a de Exposicións e Coleccións	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R100	
0505	Museos Científicos	MC1200	Xestión Adm. de Museos Científicos	Xestor/a de Actividades	A2	22	AE	FR09 ED	C	AY	R100, R200	Museografía e divulgación científica
0506	Museos Científicos	MC1200	Xestión Adm. de Museos Científicos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09 ED	C	AY		F.A.X.
0508	Museos Científicos	MC1200	Xestión Adm. de Museos Científicos	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0524	Museos Científicos	MC2300	Aquarium	Director/a Técnico do Aquarium	A1	24	AE	FR11 ED	C	AY	R200, 5107 (A1)	
0528	Museos Científicos	MC2300	Aquarium	Téc. Medio de Bioloxía Mariña	A2	22	AE	FR09 ED	C	AY	4105, 4107 (A2), mergullo	
0441	Deportes	DJ0000	Deportes	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1382	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Coordinador/a de Centros e Programas	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1384	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Coordinador/a de Centros e Programas	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1387	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1390	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1391	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1393	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1394	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1396	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1425	Servizos Xerais de Benestar	SB1000	Servizos Xerais de Benestar	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11 ED	C	AY		
1512	Servizos Xerais de Benestar	SB1000	Servizos Xerais de Benestar	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11 ED	C	AY		
0222	Emprego e Empresa	PS2200	Apoio Admin. de Prom. Económica	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1841	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AE	FR09 ED	C	AY	4301, 4302 (A2); 301 (C1)	
1851	Infraestruturas	IE4000	Inspección de Infraestruturas	Inspect. Adx. Infraest.	C1/C2	18	AE	FR06 ED	C	AY	301 (C1); Carné B	
1860	Infraestruturas	IE5000	Apoio Adm. de Infraestr.	Oficial Administrativo	C1/C2	16	AX	FR04	C	AY		F.A.X.
1881	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Téc. Protecc. Patrim. Hist.	A2/B	22	AE	FR09 TC	C	AY	4301,4403, 4404, 4406 (A2); B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B)	Ctrl. Arqueol.
1886	Infraestruturas	IE7000	Vía Pública e Patrimonio	Vix. Vía Pública e Patrim.	C2/AP	14	AE	FR03 TC	C	AY	Carné B	
2248	Medio Ambiente	MA1000	Xestión Adm. de Med. Amb.	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11 ED	C	AY		
1120	Medio Ambiente	MA1000	Xestión Adm. de Med. Amb.	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
1121	Medio Ambiente	MA1000	Xestión Administrativa de Medio Ambiente	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1188	Medio Ambiente	MA3100	Limpeza Viaria e Aseo Urbano	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R500	
1751	Mobilidade Urbana	MU4000	Apoio Administrativo de Mobilidade Urbana	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
1791	Mobilidade Urbana	MU5000	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B); 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat. Imaxe
0532	Seguridade Cidadá	SA0000	Seguridade Cidadá	Asistente de Admi.	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1110	Seguridade Cidadá	SA0000	Seguridade Cidadá	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1558	Rehabilitación e Vivenda	RV2000	Conserv. de Edif. e Ruínas	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1590	Interv. Edif. e Discipl. Urban.	UR4200	Apoio á Xefatura de Intervención	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.

1613	Interv. Edif. e Discipl. Urban.	UR4400	Oficina Técnica de Interv. da Edif. e Discipl. Urban.	Técnico/a Medio de Interv. da Edificación	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	5301 (A1), 4301 (A2)	
1625	Interv. Edif. e Discipl. Urban.	UR4400	Oficina Técnica de Interv. da Edif. e Discipl. Urban.	Técnico/a Medio de Interv. da Edificación	A2	20	AE	FR09	C	AY	4301 (A2)	
1639	Planeam. e Xest. do Solo	UR2120	Ofic. Téc. de Planeamento	Xefe/a de Delineación	B/C1	20	AE	FR09	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B); 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.
1642	Planeam. e Xest. do Solo	UR2120	Ofic. Téc. de Planeamento	Delineante	B/C1	18	AE	FR07	C	AY	B04, B04/1, B04/2, B09/1, B10/1 (B); 301/1 (C1)	Dib. Ass. y Trat.
1647	Planeam. e Xest. do Solo	UR2210	Solo de Xestión Directa	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
1328	Educación	ED0000	Educación	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0286	Cultura e Memoria Histórica	CM1000	Servizos Xerais de Cultura e Memoria Histórica	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1252	Tesourería Xeral	TG0000	Tesourería Xeral	Xefe/a de Caixa	C1	20	AX	FR08 AP2 (QM)	C	AY		F.A.X., At. Pub.
2237	Apoio Área de Adm. Xeral	AD1000	Control de Xestión e Administración Xeral	Técnico/a de Apoio ao Órgano Directivo	A1/A2	24	AX	FR11 ED	C	AY		F.A.X.
0111	Xestión Tributaria	GT3200	Xestión de Tributos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
0112	Xestión Tributaria	GT3200	Xestión de Tributos	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
1381	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Coordinador/a de Centros e Programas	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1383	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Coordinador/a de Centros e Programas	A1/A2	24	AE	FR11 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1392	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1395	Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas de Servizos Sociais	Director/a de Unidade Técnica	A1/A2	22	AE	FR10 ED	C	AY	R400, 5205 (A1)	Nivel III/III SS
1142	Infraestruturas	IE0100	Xardíns	Inspector/a de Xardíns	C1/C2	18	AE	FR06 ED TC PI	C	AY	Carné B	
0690	Seguridade Cidadá	SA2000	Protección Civil	Oficial de Protección Civil	C2	14	AE	FR04 ED TC PG6	C	AY	Carné C	
1723	Seguridade Cidadá	SA0000	Seguridade Cidadá	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX	FR11 ED	C	AY		
1583	Interv. Edif. e Discipl. Urban.	UR4100	Licenzas	Xefe/a de Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY		F.A.X.
1626	Interv. Edif. e Discipl. Urban.	UR4400	Oficina Técnica de Interv. da Edif. e Discipl. Urban.	Inspector/a de Intervención da Edificación	C1/C2	18	AE	FR06 TC PI	C	AY	Carné B	
0197	Calidade dos Servizos	IS1100	Calidade e Control da Xestión	Técnico/a Medio de Control da Xestión	A2	22	AX/AE	FR09 ED	C	AY	R400	
0125	Xestión Tributaria	GT3200	Xestión de Tributos	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0127	Xestión Tributaria	GT3200	Xestión de Tributos	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1876	Infraestruturas	IE6000	Apoio Técnico de Infraestruturas	Xefe/a de Sección	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED	C	AY	R500	
1309	Tesourería Xeral	TG3000	Apoio Administrativo de Tesourería Xeral	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1284	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Auxiliar de Atención Cidadá	C1/C2	18	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1290	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Auxiliar de Atención Cidadá	C1/C2	16	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1292	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Auxiliar de Atención Cidadá	C1/C2	16	AX	FR05 AP2	C	AY		F.A.X., At. Pub.
1268	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1269	Tesourería Xeral	TG1000	Recadación	Administrativo/a	C1	20	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1755	Mobilidade Urbana	MU4000	Apoio Administrativo de Mobilidade Urbana	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
1706	Mobilidade Urbana	MU1200	Estación de Autobuses	Auxiliar de Estación	C2/AP	14	AE	FR01 JP FN AP1 (QB)	C	AY		
1718	Mobilidade Urbana	MU1200	Estación de Autobuses	Auxiliar de Estación	C2/AP	14	AE	FR01 JP FN AP1 (QB)	C	AY		
0304	Cultura e Memoria Histórica	CM3000	Arquivos	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
0201	Emprego e Empresa	PS0000	Emprego e Empresa	Asistente de Administración	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY		F.A.X.
LEND: Saliéntanse en cor, cursiva e negrita os postos desta relación que son obxecto de modificación na columna "Req. Espec."												

RAMAS	
R100	Rama de Artes e Humanidades
R200	Rama de Ciencias
R400	Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
R500	Rama de Enxeñería e Arquitectura

TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS (GRUPO A1/A2)	
4105	Biología
4107	Veterinaria
4301	Arquitectura Técnica
4302	Enxeñería Técnica Obras Públicas
4403	Enxeñería Técnica Industrial
4404	Historia do Arte
4406	Historia
5101	Física
5103	Matemáticas
5107	Veterinaria
5205	Psicología

CICLO SUPERIOR (GRUPO B)	
B04	Edificación e Obra Civil
B04/1	Téc. Especialista en Edif. e Obras (Delineación)
	Téc. Especialista en Edif. e Urbanismo (Delineación)
	Deseño de interiores (Delineación)
B04/2	Téc. Especialista en Topografía (Construción e Obras)
	Téc. Especialista en Vías e Obras (Construción e Obras)
	Téc. Especialista en Sobreestantes (Construción e Obras)
B09/1	Delineación Industrial
B10/1	Delineación Artística

CICLO MEDIO (GRUPO C1)	
301	Edificación e Obra Civil
301/1	Delineación

ACLARACIÓN:

Os postos relacionados neste anexo son unha referencia dos que se incorporarán ao concurso ordinario 1/25 (PROV2025067), pero non existe coincidencia automática.